



Concello do Porriño

ANUNCIO

CONVOCATORIA DE PRESELECCIÓN PARA A POSTERIOR SELECCIÓN E NOMEAMENTO COMA FUNCIONARIO/A INTERINO/A DUN/HA TÉCNICO/A PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL

Obxecto: É a urxente preselección dun/ha técnico/a de orientación laboral para posteriormente remitir o seu currículo ó Servizo de Orientación Laboral da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia para que se avalíe o mesmo de acordo co baremo establecido na Orde do 17-12-2019 coa finalidade de verificar que a persoa proposta cumpre cos requisitos mínimos que se consideran imprescindibles para o exercicio da orientación laboral. A persoa seleccionada, será nomeada funcionario/a interino/a, asimilado ao grupo A, sub-grupo A2, técnico de orientación laboral, para a execución do “PROGRAMA DE ORIENTACIÓN LABORAL AUTONÓMICO INCLUÍDO NO PLAN ANUAL DE POLÍTICA DE EMPREGO (PAPE) NO EIXE 1 PARA 2020” referido na citada Orde, de carácter temporal de duración determinada, que non responde a necesidades permanentes.

Sistema de preselección: Oposición.

Prazo para a presentación de instancias: Cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Faro de Vigo, prorrogándose ata o primeiro día hábil seguinte, se o devandito prazo terminase en un día inhábil.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres, ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA-CAP).

Bases de selección: Están expostas no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

O Porriño, 1 de setembro de 2020. A ALCALDESA, Asdo.: Eva García de la Torre